



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO A CORUÑA

Sindicato de Oficios Varios A Coruña

Normas para a utilización dos servizos xurídicos por parte dxs afiliadxs

Requisitos:

- Seis meses de antigüidade no sindicato.
- Ter as cotizacións ao día.
- Debe usarse a asesoría co coñecemento do sindicato, directamente ou a través dxs representantes sindicais da CGT.

Condicións para xs que cumpran os requisitos anteriores:

- No caso de reclamacións de dereitos, o/a traballador/a non deberá pagar cantidade ningunha.
- No caso de reclamacións de cantidade que cheguen aos xulgados, o/a traballador/a aboará á avogada o 5 % do importe da cantidade total que perciba. Considerarase reclamación de cantidade os atrasos, as indemnizacións ou aqueles importes que se perciban como consecuencia da intervención da asesoría xurídica.
- No caso de reclamacións de cantidade que se resolvan en acordos no SMAC (Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación), o/a traballador/a aboará o 2% da cantidade que perciba.

Condicións para os que non cumpran os requisitos:

- No caso de reclamacións de dereitos, o/a traballador/a pagará o sinalado polo Colexio de Avogados.
- No caso de reclamación de cantidade, o/a traballador/a aboará o que pacte coa asesoría xurídica.

Outras cuestións:

- No caso de conflitos ou demandas de grupos de traballadorxs, poderanse establecer condicións especiais, dependendo de cada situación.
- O sindicato non percibirá, en ningún caso, cantidade ningunha.
- Nos importes indicados non está incluído o IVE, nin tampouco os gastos non estritamente xurídicos como procuradorxs, peritxs, taxas ou costas, que correrán a cargo dx interesadx.